



pre-texto 47

Dende a Programación Expandida do TRCDanza 2019 e con motivo da presentación de “Alma (non é hippie)” de *Verticalia* o vindeiro 1 de marzo no Teatro Rosalía de Castro de A Coruña, convidamos ao artista de circo Pablo Reboleiro á elaboración deste Pre-Texto.

Pablo Reboleiro é un referente do circo galego, fundador da compañía *Pistacatro* e do centro de formación e creación circense *Circonove*. Licenciado en matemáticas na USC marchou a Londres a estudar na escola de circo *The Circus Space*. Artista multidisciplinar: actor, bailarín, artista de circo e músico a etiqueta coa que máis cómodo se sente é a de Pallaso. Unha longa traxectoria na que os seus espectáculos puideron verse polos cinco continentes en máis de trinta países diferentes.

Pablo Reboleiro sobre Verticalia.

Coñecín a Marta nun curso de circo que organizaba o *Centro Coreográfico Galego*, ou non sei se era máis ben un curso de danza para a xente do circo... Era impartido por André Braga, un bailarín que fai malabares ou un malabarista que ten unha compañía de danza, *Circolando*, con nome de circo pero que se distribúe nas redes de danza contemporánea. Ou é unha compañía de danza con nome de circo, que fai danza partindo dunha concepción circense da escena e manipula obxectos dende o movemento sen usar o circo, pero ten un pasado circense e os seus bailaríns eran anteriormente artistas de circo? Non o teño claro. Ela acababa de chegar de Madrid de estudar danza e comezaba o proxecto *Traspediante*. Pero estaba nun curso de circo... deixémolo.

Coñecín a Paula nun curso de claqué organizado nunha escola de danza. Era a única bailarina e o resto eramos todos cirqueiros. Chameina para impartir un curso de hip hop na escola de circo *Circonove* e, mentres nos ensinaba os pasos máis coreográficos, aprendía ela os máis acrobáticos. Marchou a Londres a estudar en *Laban*, unha prestixiosa escola de danza, e despois matriculouse en *The Circus Space*, a escola á que fomos a maioría dxs artistxs de circo galegxs.

Raqueliña era una nena cando a coñecín. Estudaba ballet, pero estaba máis interesada no circo, primeiro os malabares e o swing, e despois os aéreos. Estudou nunha escola de circo pero nunca deixou atrás a súa paixón polas coreografías, o movemento e a danza.

A Mercè coñecina como aerealista, viña da ximnasia deportiva e rematou nunha escola de circo. Despois montou con Raquel a compañía de circo *Duelirium*, ahhh, por fin algo de pureza... Aínda que, pensándoo ben, naquela época na que o circo sempre miraba a un espello onde retratarse eu facíao ao do teatro e elas ao da danza. Os seus números sempre estiveron acompañados de gran cualidade de movemento e cunha proposta coreográfica e visual mentres outros buscabamos a comedia. Sempre foron as “bailarinas” do circo.

Cando mudou a dirección do *Centro Coreográfico Galego*, comezamos unha potente formación de danza contemporánea en colaboración coa asociación *Danesga* na escola de circo en Santiago. Moitxs bailarínxs e cirqueirxs xuntxs compartindo un espazo e unhas clases que, chegando un momento non sabiamos ben se eran clases de danza para circo, acrobacia para bailarínxs, movemento para todos, un para todos e todas para a danza, da unha pirueta facendo o pino... ou que!

Todo estaba moi claro, uns facían cousas perigosas e sobrehumanas nas que compre ter moita forza, moito equilibrio e moita destreza e adicar moito tempo a adestrar mentres outras... facían cousas sobrehumanas e tamén perigosas nas que facía falta moito equilibrio, moita forza e moita destreza e adicar moito tempo a adestrar... Cal era a danza e cal era o circo?? Onde está a diferenza...

Porque a danza conquistou o chan e o aire, patrimonio circense, e o circo atopou a continuidade, a delicadeza, a suavidade, terreo da danza. E cada vez é mais difícil distinguir e clasificar o que fas, cada vez hai máis artistas de circo en cursos de danza e bailarínxs aprendendo a facer o pino. Porque o corpo é un só, e as súas posibilidades non encaixan ben en nada. Se comparando coa literatura, o teatro é a prosa, que é a poesía? A danza? O circo? O “máis difícil todavía” transformase no “máis bonito todavía”, na delicadeza aparece un oco para a espectacularidade... Na lagoa, xa non hai só cisnes, agora hai golfinhos que saltan, aguías que voan e todo tipo de animais con xeitos diferentes de crear, de pensar e de moverse. Para que quedarnos en dous nomes, circo e danza cando hai millóns de novas posibilidades que explorar?

E de aí sae este colectivo, *Verticalia*, de experimentar e explorar as posibilidades do ar dende outros puntos de vista.

Non como unha consecución de trucos. Non como unha coreografía. Como unha necesidade de expresar ao mundo todas estas contradicións internas que non collen en ningún lugar. Unha necesidade de berrar ben alto “Aquí estamos!” e podemos facer isto, que non é danza nin circo pero fai falta ser bailarina e acróbata para poder levalo a cabo. Unha necesidade de mostrar o que hai dentro sen filtros, sen unha pretensión exaxerada por agradar, por facer un “produto” comercial que se poida vender ben.

Verticalia está formado pola unión da compañía *Duelirium*, integrada por Raquel Oitavén e Merçé Solé, e da compañía *Traspediante* coas artistas Marta Alonso e Paula Quintas. Son as catro artistas galegas, empresarias, habituadas a autoproducirse sen subvencións. Neste proxecto, aínda que contaron coa axuda da *AGADIC*, eu sei que investiron moito outra vez. Decidiron xogar en primeira división cunha axuda para rexional, e apostaron, non só ilusión, non só esforzo, non só tempo, tamén gran parte dos seus aforros.

Eu estiven vinculado a este colectivo nunha primeira fase do proxecto en labores de ollada externa e dirección, antes de se chamar Alma, e antes de que atopasen un director tan recoñecido de circo como Rolando San Martín e eu xa non lles fixera falta ;). Nese proceso que durou só dúas semanas puideron apreciar o interese do proxecto. Por unha banda, o aparato ou artefacto, mulleres suspendidas por unha corda, ás veces ao teito, outras conectadas polo seu peso. A potencia visual do material que se xeraba era indiscutible, xa o veredes, así como a dificultade de controlalo e de repetir dúas veces o mesmo. Por outra banda atopei a catro artistas con moitas ganas de transcender e de fuxir do que facían habitualmente, de deixarse guiar para explorar novos mundos, para voar tamén coa imaxinación e a emoción.

Despois perdínlles a pista e non souben máis, e non quixen saber, nin ver vídeos nin escoitar críticas para estar limpo cando o vise por primeira vez. Teño tantas ganas de velo coma vós, así que non vos vou facer agardar máis, non me vou facer agardar máis, e... non as vou facer agardar máis a elas, que xa terán ganas de estrear.

Aquí vos deixo con estas catro “colgadas”.

pre-texto número 47, publicado o 25 de febreiro de 2019.

Este texto foi escrito por Pablo Reboleiro, en resposta ao convite do Proxecto de Programación Expandida do TRCDanza 2019 para a liña de publicacións denominada “PreTextos” na que un profesional é convidado a poñer en contexto a obra dun determinado artista convidado ao programa TRCDanza, programa estable de danza do Teatro Rosalía de Castro de A Coruña.